

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CEIP E ESCOLAS INFANTIS SERRA DE OUTES, GREGORIO SAN, LUIS SOTO MENOR E PIRINGALLA (PLAN MELLORA LUGO 2014). Nova proposta de adxudicación.**

-----

Sendo as 13:00 horas do día 20 de novembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenenta de Alcalde, actuando en suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Esther Muñoz Mella, en representación do Partido Socialista PSG-PSOE, don José Manuel Díaz Grandío, pola Concellería de Deportes, don Ángel Trabada Gómez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), dona Paz Abreira, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello de Lugo, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión o secretario da Mesa para informar ós membros da mesma de que, segundo o informe emitido polo servizo de tesourería municipal de data 13 de novembro do ano en curso, a empresa SERVIGAL GALICIA REPARACIONES Y ASISTENCIA, S.L, proposta pola mesa como adxudicataria da contratación de referencia, ten débedas de carácter tributario con este Concello con anterioridade á data 15 de outubro de 2014, sendo por tanto falsa a declaración responsable emitida por esta empresa para poder tomar parte no procedemento de contratación e non reunindo os requisitos necesarios para ser contratista. Á vista do cal os integrantes da mesa acordan excluírla da licitación e seleccionar, á seguinte empresa segundo o orden de puntuación no que quedou clasificada a súa oferta, como adxudicataria do contrato OBRAS Y SERVICIOS LUGO S.L.U.

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA,



Asdo.: Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO,



Asdo.: Manuel Louzao Aldariz